

LILA DÍ



Dirección: Ziad Doueiri.
Países: Francia, Italia e Reino Unido.
Ano: 2004.
Duración: 89 min.
Xénero: Drama.
Interpretación: Vahina Giocante (Lila), Mohammed Khouas (Chimo), Karim Ben Haddou (Mouloud), Edmonde Franchi (A tía), Lofti Chakri (Bakary), Hamid Dkhissi (Gran Jo), Carmen Lebbos (Nai de Chimo).
Guión: Ziad Doueiri; baseado na novela de Chimo.
Producción: Marina Gefter.
Música: Nitin Sawhney.
Fotografía: John Daly.
Montaxe: Tina Baz.
Deseño de produción: Yves Bernard.
Vestuario: Pierre Matard.
Estreo en Francia: 26 Xaneiro 2005.

Estreo en España: 24 Xuño 2005.

Fascinación, morbo, sensualidade... amor **por David Garrido Bazán**

A todos nos ten pasado. Nalgún intre da nosa vida, probablemente próximo á adolescencia, cruzouse no noso camiño alguén que coa súa soa presenza pon o noso pequeno mundo do revés, alguén cuxo irresistible atractivo nos fai cuestionarnos conceptos que ata ese momento críamos coñecer ben como o desexo, a atracción sexual e a paixón, alguén con quen fantaseamos e que nos fai perde-la testa ata tal punto que, se nalgún momento dígñase dirixirnos a palabra, convértenos nunha especie de marioneta sen fíos, incapaz de reaccionar ou incluso de pronunciar unha palabra ante a súa presenza, mentres os nosos ollos alumean dicindo todo iso que nos arde por dentro. A Chimo, un mozo de orixe magrebí que vive nun barrio da periferia desa Marsella que tan ben coñecemos grazas á filmografía de Robert Guédiguian, acáballe de pasar. O seu mundo cambaléase grazas a un ciclón en forma de rubia de gran beleza e formas rotundas, unha sorte de lolita que, como ela mesma dí, destaca nese barrio coma un Ferrari nunha chatarrería. Lila, que co seu aire inequivocamente francés, as súas brancas curvas e a súa faldiña que se mece ó ritmo da súa bicicleta, non parece pertencer en absoluto a ese mundo musulmán de segunda xeración que aínda se rexe por regras ancestrais e no que non parece que existan visos de futuro para uns mozos mais destinados á delincuencia que a progresar máis alá dos estreitos límites do barrio.



Pero a Lila non parece importarlle nada do mundo ca rodea, nin o caos que provoca a súa soa presenza ó seu redor. Lila solta pola súa boquiña sensual procacidades que farían tolear ó máis liberal dos mortais, suxire un mundo de experiencias sexuais que excitarían a imaxinación máis fértil e, a modo de prólogo a todo o anterior, comeza por seducir nun bambán dende o que amosa sen o máis mínimo pudor o seu sexo a un paralizado e fascinado Chimo que non ten a máis remota idea de por que esa rapaza fermosa e desconcertante elixiuno precisamente a el para facerlle vítima das súas confidencias, unha relación que esperta nel unha paixón enfebrecida coa que non sabe manexarse moi ben. Aspirante a escritor que non acaba de decidirse a dar o paso que lle abriría a porta cara outra vida, Chimo atopa en Lila e as súas historias de alto voltaxe o empurrón que necesita para comezar a por no papel unhas verbas diante doutras mentres

o mundo, a vida que ata entón coñecera, comeza a articularse ó redor desa rapaza que esperta a súa vea soñadora e cuxo comportamento sensual parece estar continuamente bordando o límite do que é normalmente aceptado.



O libanés Ziad Doueiri, habitual asistente de Quentin Tarantino e Rober Rodríguez nos seus primeiros filmes e autor doutra recomendábel película, “West Beirut”, na que xa se abordaban elementos como o espertar da vida e as pulsións propias da adolescencia no medio do conflito que dividiu a musulmáns e cristiáns no seu Beirut natal alá polo 1975, podería perfectamente por o aceno desta a súa segunda película nos problemas de integración aínda habituais desa inmigración de orixe magrebí nesta nova Europa cada vez máis globalizada na que non acaba de atopar fácil acomodo. E, de feito, a sombra dos conflitos de orixe comunitario ou relixioso está bastante presente na máis que interesante descrición da vida cotiá dos habitantes dese barrio no que se desenvolve a acción a través tanto das referencias puntuais a acontecementos como o 11-S, o constante medo á diferenza, a exaltación da propia identidade ou a necesidade de pertencer a un determinado grupo por encima doutra consideración ou incluso doutras posibilidades de futuro.

Pero Douieri é o suficientemente intelixente como para deixar todo iso nun rico segundo plano que serve de substrato ó que aquí verdadeiramente interesa, que non é outra cousa que a peculiar historia de amor e fascinación que se establece entre Lila e Chimo, unha historia de espertar sexual e sentimental na que nunca se perde o punto de vista que a miúdo o que sentimos (e moito máis nesa convulsa etapa da nosa vida que é o paso do final da adolescencia ata a madurez) é incapaz de expresarse con palabras e, non menos importante, que tamén podemos agochar tras das verbas e dos nosos actos aparentes aquilo que verdadeiramente ocupa os nosos pensamentos, ou que no fondo dóenos e atorméntanos, ilusións e esperanzas que soen acompañar o espertar do amor.

Doueiri constrúe unha historia chea de sensualidade, morbo e, en fin, pulsión amorosa grazas a unha posta en escena naturista que, non embargante, sabe dotar a miúdo dun aire irreal ás secuencias que comparten Lila e Chimo, alcanzando momentos de verdadeira maxia en escenas como a seducción inicial no bambán ou ese inolvidábel paseo en motocicleta que son todo un deleite para os sentidos. Tan fascinante resulta a historia da atracción que rompe entre eses dous adolescentes que, por comparación, o pretendido contrapeso que supón a liña argumental do previsíbel enfrontamento cos amigos de Chimo, en cuxa concepción do mundo non hai sitio para un despregue de liberdade tal como o que fai Lila, carece da mesma forza e, por momentos, supón un certo desequilibrio que oscurece un tanto os logros dunha película que, non obstante, ten o indubidábel mérito de alcanzar unha grande frescura contando cunha historia de amor que no fondo foi abordada polo cine en infinidade de ocasións.

